USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE DE FILOLOXÍA

facultade de filoloxía

# Boletín 25

## 17 de marzo – 21 de marzo

# Actividades Culturais

**TÍTULO**: Exposición «Michael Ende. *Michael Ende. A vida e obra en textos e imaxes*»
**DESTINATARIAS:** Todo o público interesado
**ORGANIZACIÓN**: Asociación de Germanistas de Euskadi, La Rioja y Navarra (GERN), Área de Filoloxía Alemá, DAAD, Decanato Facultade de Filoloxía
**DATAS**: Do 5 ao 31 de marzo
**LUGAR**: Facultade de Filoloxía. Escaleiras
**CONTACTO:** katharina.heiber@usc.es
**PÁXINA WEB:** O Alemán no Camiño
**DESCRICIÓN:** Con *Jim Botón*, *Momo* e *A historia interminable*, Michael Ende (1929-1995) creou clásicos intemporais da literatura infantil e xuvenil, traducidos a máis de 40 idiomas e con máis de 35 millóns de exemplares vendidos, que seguen cativando lectores de todas as idades. Isto convérteo nun dos autores alemáns máis exitosos do século XX.

A biografía de Michael Ende non estivo exenta de xiros inesperados, pero a súa vida estivo sempre dedicada á arte e á creatividade en diversas formas. A exposición, ricamente ilustrada, presenta as etapas clave da súa vida e obra, ofrecendo unha visión vívida da súa evolución como escritor e das súas obras máis emblemáticas.



# Actividades Culturais

**TÍTULO**: Obras de Capa – 5 Anos
**DESTINATARIAS:** Estudantes, pessoal académico e público em geral
**ORGANIZACIÓN**: Decanato da Faculdade de Filologia, Leitorado do Camões I.P. na Faculdade de Filologia da USC / Camões – Centro Cultural Português em Vigo e AILD – Associação Internacional dos Lusodescendentes
**DATAS**: de 6 a 25 de março de 2025
**LUGAR**: Facultade de Filoloxía. 2.º andar
**PÁXINA WEB:** [Camões – Centro Cultural Português em Vigo]. [AILD – Associação Internacional dos Lusodescendentes].
**DESCRICIÓN:** Exposição dos artistas Carlos Farinha (Portugal), Ismaël Sequeira (S. Tomé e Príncipe), Erika Jâmece (Angola), Sónia Aniceto (Portugal), João Timane (Moçambique) e do escritor Marcelo Panguana (Moçambique), com a curadoria de Eduarda Oliveira (Portugal).
Uma original ideia de representar na capa de uma revista —a revista *Descendências*— durante 12 meses, 12 quadros de um(a) artista plástico(a) e, terminada essa jornada, iniciar uma nova etapa, com uma exposição itinerante por diversos países. Divulgar a cultura, os artistas lusófonas e as suas obras.
A inauguração contará com a presença do fundador e diretor executivo da AILD - Associação Internacional de Lusodescendentes, Dr. Jorge Vilela, autor também do projeto Obras de Capa.



# Actividades Culturais

**TÍTULO**: Exposición «Iconografía artística de José Ángel Valente (1955-2024)»
**DESTINATARIAS:** Comunidade universitaria
**ORGANIZACIÓN**: Decanato da Facultade de Filoloxía, Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética
**CONTACTO**: filoloxia.decanato@usc.gal, catedra.valente@usc.gal
**DATAS**: Do 4 de febreiro ao 31 de marzo
**LUGAR**: Facultade de Filoloxía. 1.º andar
**DESCRICIÓN:** Ao longo da súa vida, e incluso despois do seu falecemento, o poeta, narrador, ensaísta e tradutor galego José Ángel Valente (Ourense, 1929-Xenebra, 2000) foi retratado en diversas ocasións e baixo distintas técnicas artísticas (pintura, debuxo, caricatura). Esta exposición é unha pequena mostra dese material que se conserva na Cátedra José Ángel Valente de Poesía e Estética, dirixida por Claudio Rodríguez Fer e creada tras o nombramento do poeta como doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela en 1999, durante o reitorado de Darío Villanueva.



# Actividades Culturais

**TÍTULO**: Nicht Nur Magazin, número piloto (0)

**ORGANIZACIÓN**: Decanato (proxectos colaborativos), Área de Filoloxía Alemá

**CONTACTO**: sofia.delatorre@rai.usc.es; roque.fernandez.alcaniz@rai.usc.es

**REDE SOCIAL**: @nichtnurmagazin (Instagram)

**DATAS**: estrea e dispoñibilización a partir do 17 de marzo

**LUGAR**: en liña

**DESCRICIÓN**: O próximo 17 de marzo será publicado en internet o número piloto da revista *Nicht Nur Magazin*, un medio novo que, dende a súa plataforma en formato blogue pretende achegar a cultura e a lingua alemás á comunidade universitaria primeiro, e ao estudantado galego xeral despois. Esta revista bimensal, máis divulgativa que académica, ofrece no seu primeiro número as seccións de: "DU BIST SO EINE MAUS!", "DER BARON MÜNCHHAUSEN", "Sissi: die rebellische Kaiserin", e "Schlösser in Deutschland besichtigen". Dende a dirección estaremos moi atentxs ao *feedback*, e pregamos a aquelas persoas interesadas en facer parte da redacción *auf Deutsch* desta magazin que entren en contacto connosco de cara á preparación do número 1.



# Actividades Culturais

**TÍTULO**: Exposición de obras de Michael Ende e lectura de textos

**DATAS**: 17-31 marzo 2025

**LUGAR**: Biblioteca Facultade Filoloxía

**HORARIO**: 8.30-21.25 h.

**CONTACTO**: biblioteca.filoloxia@usc.es; katharina.heiber@usc.es

**DESCRICIÓN**: Con motivo da mostra itinerante *Michael Ende. A vida e obra en textos e imaxes* que acubilla a nosa Facultade estes días, a Biblioteca súmase a iniciativa co desenvolvemento dunha exposición de obras deste autor procedentes dos fondos da BUSC os días 17-31 de marzo, canda a **lectura** de textos en varios idiomas o xoves **20 de marzo** ás **12:00** h. na mesma biblioteca da Facultade. Contamos coa vosa asistencia e participación.



# Actividades Culturais

**TÍTULO**: Semaine de la Francophonie 2025: Prenez la parole!

**DESTINATARIAS**: Estudantes da facultade, especialmente do Maior e Minor de Francés

**ORGANIZA**: Área de Filoloxía Francesa, Departamento e Decanato

**DATA**: 18 de marzo de 2025

**LUGAR**: Salón de Actos da Facultade de Filoloxía

**HORARIO**: de 16:00 a 20:00

**LIGAZÓN**: @filoloxiafrancesausc

**DESCRICIÓN**: As Xornadas da Francofonía enmárcanse nas actividades sobre a Francofonía e a sensibilización sobre a lingua francesa a nivel mundial e concretamente na iniciativa levada a cabo pola área de Francés para a promoción da lingua, literatura e cultura francófonas. A través de dúas proxeccións de cine, *Le Brio* e *À voix haute*, abordarase a diversidade cultural, a integración e o poder da oratoria como ferramentas de transformación social. Tras cada película, realizarase un debate sobre as temáticas principais das obras, enfocándose na superación de estereotipos, a importancia da comunicación e o impacto da oratoria nas persoas e nas súas oportunidades.



# Actividades Culturais

**TÍTULO:** O hipersector dos videoxogos: cara e cruz dun mundo perfecto. Conferencia dictada polo Prof. José Luis Navarrete Cardero (Universidade de Sevilla)
**DESTINATARIAS:** toda a comunidade universitaria
**ORGANIZA:** Mestrado en Estudos da Literatura e a Cultura
**DATA:** xoves 20 de marzo **LUGAR:** Sala B13 **HORARIO:** 15:00—16:00hs.
**CONTACTO:** cesar.dominguez@usc.gal
**DESCRICIÓN:** A posición de privilexio que ocupa actualmente o videoxogo como xerador de riqueza e modelador de comportamentos sociais, no seu papel de estrela da industria do lecer, queda fóra de toda discusión. A súa versatilidade para converxer con dispositivos tecnolóxicos baseados en pantallas, máis alá do PC ou da consola, convertérono no protagonista da nova revolución dos medios de comunicación na súa aposta polo metaverso e a intelixencia artificial.




Porén, máis aló deste *locus amoenus*, pode observarse, malia o seu compromiso co *worldbuilding*, que o máis rechamante deste medio non é a súa hipertrofiada capacidade para xerar mundos ficcionais incapaces de reformular o noso, senón a súa habilidade para se converter a si mesmo, e á súa propia industria, nunha panacea do noso tempo, nun dispositivo de posibilidades excepcionais que todos (xogadores, empregadores, responsables gobernamentais ou institucións de interese público) parecen reafirmar á marxe de calquera exercicio crítico. Por mandato do mercado, o sector dos videoxogos converteuse nun hipersector, expresión ou descrición que, ao noso xuízo, goza dunha certa inflación fóra do ámbito mercantil. Así, o dispositivo videolúdico nin demostrou ser un remedio máis alá dos seus réditos, nin se tornou a solución para todos os problemas que desde o márketing se pretendeu. O inaudito deste proceso é que o videoxogo foi potenciado pola investigación académica ata límites que colisionan coa súa responsabilidade ética.



Detalle "A caída dos titáns" (1588 ca.) de Cornelis Van Haarlem

# MITOS E IMAXES, unha bomba pedagóxica

## Fernando Domènech

No marco do curso:
**Didáctica das Linguas Clásicas para a Educación Secundaria**

Dirixido por:
**Cecilia Criado, ao abeiro do Grupo de Investigación ClasMed**

Lugar:
**Facultade de Filoloxía, aula D14**

Datas:
**12, 13, 19 e 20 de marzo de 2025**

Horario:
**16.30-18.30**

ClasMedUSC

facultade de filoloxía

USC DEPARTAMENTO DE FILOLOXIA CLÁSICA, FRANCESA E ITALIANA

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO:** *II Xeira CLARIAH-GAL*
**ORGANIZA:** Grupo FILGA
**DATA/S:** 9 de maio de 2025
**LUGAR:** salón de graos da Facultade de Filoloxía
**HORARIO:** 09:00-19:30 h
**ENDEREZO DE CONTACTO:** vitor.miguez@usc.gal
**LIGAZÓN:** https://ilg.usc.gal/gl/actividades/II-xeira-clariah-gal
**DESCRICIÓN:** Este evento pretende ser un espazo para dar a coñecer as infraestruturas europeas de investigación CLARIN e DARIAH, así como para difundir proxectos e grupos de investigación galegos que traballen no ámbito das Humanidades Dixitais e das tecnoloxías lingüísticas aplicadas á investigación en Humanidades e Ciencias Sociais.
**Ata o 31 de marzo** pódense enviar **propostas de póster** de proxectos relacionados coas Artes, Ciencias Sociais e Humanidades Dixitais, que se estean levando a cabo en Galicia ou por grupos de investigación galegos, a ilgsec@usc.gal. O resumo non deberá exceder as 500 palabras (excluíndo referencias bibliográficas) e deberá incluír o título e autoría, así como a motivación, obxectivos, método ou resultados.



# Actividades/Informacións académica

**TÍTULO**: Curso avanzado e Competencias en Información (2ª ed.)

**DESTINATARIAS**: Alumnado dos últimos cursos de grao

**ORGANIZACIÓN**: Biblioteca

**CONTACTO**: biblioteca.filoloxia@usc.es

**DATAS**: matrícula do 19 febreiro ao 15 de marzo

**LUGAR**: Aula Virtual

**DESCRICIÓN**: Do 19 de febreiro ao 15 de marzo estará aberto o prazo de matrícula da segunda edición do curso avanzado de Competencias en Información para o alumnado dos últimos cursos de grao. O curso desenvolverase entre o 10 de marzo e o 11 de abril.

A matrícula realízase a través da Secretaría Virtual da USC. A superación do curso permiso obter 1 crédito ECTS e a BUSC emitirá un diploma acreditativo.



# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO**: El estudio del lenguaje en un contexto crecientemente interdisciplinar: algunos ejemplos en lingüística histórica
**DESTINATARIAS**: Estudantes e profesorado
**ORGANIZACIÓN**: Grupo de investigación Koiné
**CONTACTO**:magos.fernandez.perez@usc.es
**DATAS**: 20 de marzo de 2025
**LUGAR**: Aula C10
**HORARIO:** 13:15 a 14:15
**DESCRICIÓN**: Os métodos en lingüística histórica fixeron posible reconstruír linguas do pasado en ausencia de testimuñas escritas. Con todo, teñen limitacións: non funcionan ben en moitas áreas do mundo e non permiten viaxar demasiado atrás no tempo. No relatorio se discutirán estas limitacións e defenderase que, como ocorre con outros ámbitos da lingüística, a adopción de métodos e marcos teóricos doutras disciplinas e, especialmente, o traballo xenuinamente interdisciplinar, pode axudar a optimizar a investigación en lingüística histórica, ata o punto de poder caracterizar con certo detalle como foron as linguas da prehistoria remota.



# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO DA INFORMACIÓN/ACTIVIDADE:** IV Xornadas Internacionais de Iniciación á Investigación en Estudos da Literatura e a Cultura 2025 (IV XIIIELC)
**DESTINATARIOS/AS (opcional)** Estudantado e profesorado de Filoloxía en especial, pero de interese para todo o ámbito das humanidades e das ciencias sociais
**ORGANIZA:** Estudantes do Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e a Cultura
**DATAS:** 19, 20 e 21 de marzo de 2025
**LUGAR:** Salón de Actos e Salón de Graos da Facultade de Filoloxía
**HORARIO:** 09:00-19:00
**ENDEREZO DE CONTACTO:** xornadasusc@gmail.com
**LIGAZÓN:** @xiiielc_usc
**DESCRICIÓN:** As IV XIIIELC terán lugar os días 19, 20 e 21 de marzo na nosa facultade, baixo a temática "Problemas epistemolóxicos e metodolóxicos nos estudos da literatura e da cultura". Podedes consultar o programa definitivo nas nosas redes sociais e nesta ligazón.
A asistencia ás xornadas será de balde e poderedes recibir un certificado (teredes que asinar ao comezo de cada mañá/tarde). Se tedes interese en vir, por favor, cubride este formulario para que teñamos os vosos datos preparados.



## Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO**: Tese de Doutoramento de D. Carlos G. Álvarez Escobar (Universidad de Chile)

"Desenvolvemento lingüístico comunicativo de nenos prematuros: uso de marcadoreslingüísticos de deíxis persoal"

**DATA**: 20 de marzo de 2025

**HORA**: 9:30 hs.

**LUGAR**: Paraninfo da USC

**DIRECTORA**: Milagros Fernández Pérez

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO**: XIII Congreso Nacional Ganimedes

**DESTINATARIAS**: Alumnado e profesorado da Facultade de Filoloxía

**LIGAZÓN Á PÁXINA WEB OU REDE SOCIAL:**

**Páxina web da asociación:** https://ganimedesasociacion.wordpress.com/

**Instagram:** ganimedes.asociacion

**Facebook**: Asociación GANIMEDES

**X (Twitter):** Ganimedes_Asoc

**DATAS**: 25 - 28 de marzo de 2025

**LUGAR**: Salón de actos e Salón de grados da Facultade de Filoloxía

**HORARIO:** 09:00-19:00

**DESCRICIÓN**: Cada ano, a Asociación Nacional Ganimedes organiza este encontro científico que reúne investigadores do noso país para compartir coñecementos relacionados, entre outros, coa tradición literaria, lingüística, histórica ou didáctica desta disciplina. Este ano contamos con case 80 comunicantes de 13 liñas temáticas e catro relatorios plenarios a cargo de docentes da Facultade.

# Actividades/Informacións académicas

**TÍTULO**: Congreso Internacional 1950-2010: Seis décadas de literatura e sociedade en Galiza

**ORGANIZACIÓN**: Instituto da Lingua Galega

**CONTACTO**: congreso.literatura.sociedade@usc.gal

**DATAS:** 19-20 de xuño, 2025

**LUGAR:** Facultade de Filoloxía

**PÁXINA WEB:** https://ilg.usc.gal/gl/actividades/congreso-internacional-literatura-sociedade

**DESCRICIÓN:**

Conferencias plenarias confirmadas: Antón Figueroa (profesor xubilado da Universidade de Santiago de Compostela), Tristan Leperlier (Marie Skłodowska-Curie Fellow — CNRS), Isaac Lourido (Universidade da Coruña), Ana Luna (Universidade de Vigo) e Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela).



**Actividades/Informacións académicas**

Na páxina web da Facultade de Filoloxía están publicados **vídeos de presentación de materias** que se imparten nos distintos graos e mestrados da Facultade.

Na páxina de inicio pódense atopar baixo a epígrafe "Vídeos informativos de materias" ou directamente en:

https://www.youtube.com/playlist?list=PLN7h5nFkg2ZV9T6EOlp3JD37Pdq4_LDJX

Programa A Ponte

USC

# ALUMNAS TITORAS DA FACULTADE DE FILOLOXÍA



SARA MEI



IRIA LIÑARES

SOMOS ESTUDANTES DE GRAO E TITORAS, ENCARGADAS DE AXUDARCHE EN CALQUERA DÚBIDA SOBRE A FACULTADE OU A USC EN XERAL (MATRÍCULA, ESTRUTURA DOS GRAOS, ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DA UNIVERSIDADE, TRÁMITES...). SOMOS A PONTE ENTRE TI E A ADMINISTRACIÓN.

**ANÍMATE E CONTÁCTANOS! SEMPRE DISPOÑIBLES PARA ESCOITARTE**

PODES FALARNOS POLOS CORREDORES OU AO NOSO CORREO:

saramei.ferro@rai.usc.es

iria.linares@rai.usc.es

FACULTADE DE FILOLOXÍA

# A Facultade de Filoloxía está en Instagram e Bluesky!




A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!
@busc_filoloxia
@buscfiloloxia